

**NÚMERO 9/16**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XULLO DE 2016.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>a</sup>. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente a sra. Interventora accidental, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Jesús Ramos Esperante. Non asisten, escusando a súa ausencia, as concelleiras D<sup>a</sup>. Nuria Castro García e D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, .-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión 6/2016, do 28 de abril.-

Apróbase por maioría, con nove votos a favor e seis en contra a acta da sesión 7/2016, de 26 de maio, tras dicir o sr. Anido que non figuran en dita acta as palabras específicas que el pedira que constaran, e dille ao Presidente que ante tal rogo dun concelleiro debe ser o alcalde quen diga ou pida que consten esas palabras. O sr. Alcalde considera que aínda que sexa o alcalde-presidente non lle ten que dar ningunha directriz a un habilitado nacional de como ten que facer o seu traballo, e coida que non deberían os políticos inmiscirse en temas xurídicos, nin entende que medida de presión deben de acometer os políticos sobre os responsables de redactar os documentos.-

**2º.- Proposta de aprobación de pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares.-**

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Xeral en relación co expediente tramitado pola Secretaría Xeral para a aprobación de modelos tipo de Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de obras, servizos e subministracións non suxeitas a regulación harmonizada e polos procedementos aberto e negociado sen publicidade con criterios obxectivos de adxudicación, en aplicación do establecido no artigo 115.4 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.-

O sr. Alcalde expón que esta medida se dirixe tanto a axilizar os procedementos de contratación como a conseguir maior transparencia e considera que se trata dunha ferramenta que pode facilitar o traballo da administración e das empresas ou suxeitos que queiran participar nas contratacións municipais.-

A sra. Bolaño destaca que isto axilizaría o procedemento de contratación na maioría dos casos, sen prexuízo de redactar pregos específicos para servizos concretos, e o seu grupo votará a favor.-

O sr. Anido considera que se trata dun prego estándar, o mesmo que se estaba utilizando e que efectivamente é unha redución da carga burocrática, porque como di o informe do sr. Secretario a aprobación deste modelo tipo de prego evita elaborar en cada contratación un novo prego e un informe xurídico sobre o mesmo; outra cousa é que isto serva para mellorar a transparencia, porque este prego tipo é o que xa se viña utilizando nos últimos anos. Non ve en ningún punto do prego que se dediquen a defender intereses de empresas de Sada e que a actividade empresarial recaia en empresas e traballadores de Sada, porque o que antes demandaban os membros do goberno municipal é unha ilegalidade e non se podía facer; o seu grupo vai aprobar este prego.-

A sra. Bolaño di que é sabido que intentar reducir un prego para que se presenten empresas dun determinado lugar é anticonstitucional, vai en contra da lei, e non cre que ninguén fixese tal insistencia nunha corporación sen ser advertido disto; cousa distinta é tratar de que as empresas do entorno sexan tamén invitadas a participar nas contratacións.-

O sr. Anido di que cando el presentou a proposta de adhesión á central de contratación da Deputación e ao sistema de contratación centralizado estatal, a sra. Bolaño dixo que o seu grupo está en contra desta medida e o que debe facer o concello é defender ás empresas de Sada e contribuír a soste-la nosa área metropolitana contratando con empresas da zona, non levando os cartos para Madrid.-

A sra. Bolaño di que naquel momento o que propoñía o PP era centralizar os servizos das administracións locais, e ela está dicindo aquí que as propias administracións locais poden sacar un

prego como este, para que se presenten e o consigan a mellor oferta das empresas da contorna, en lugar de centralizar dende Madrid determinados contratos en beneficio de empresas estatais e grandes.-

Debatido o asunto, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

Aprobar os seguintes modelos de Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para contratacións non suxeitas a regulación harmonizada e adxudicación con criterios obxectivos:

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de obras por procedemento negociado sen publicidade.-

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de obras por procedemento aberto.-

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade.-

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto.-

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de subministracións por procedemento negociado sen publicidade.-

- Prego tipo de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación de subministracións por procedemento aberto”.-

**3º.- Corrección de erros do proxecto da obra “Pavimentación, servizos e accesibilidade no entorno do campo de fútbol de As Mariñas”.-**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Xeral referente á corrección de erros do proxecto da obra “Pavimentación, servizos e accesibilidade no entorno do campo de Fútbol As Mariñas”, aprobado en sesión plenaria de 17-12-2015 e incluído no POS 2016, que segundo informe do enxeñeiro técnico municipal sr. Medina Prieto contén un erro consistente en reflectir no documento de Medicións e Presuposto a partida 403 do capítulo 4 de Xardinería e mobiliario urbano, que fora estimada inicialmente pero que logo non se considerou necesaria e por isto non figura no presuposto do proxecto aprobado.-

O sr. Anido considera que a afirmación do informe do técnico municipal de que dita partida finalmente non se estimou nin prioritaria nin imprescindible é para eles discutible, e que corrixir algo e empeoralo é unha torpeza; por isto van cambiar o sentido do voto na comisión informativa, porque no presuposto da obra pásase directamente da partida 402 á 404, a 403 non figura, mentres que si figura no cadro de prezos e tamén figura a farola correspondente no plano núm. 4 do proxecto; o seu grupo non está interesado en que ese diñeiro da Deputación se devolva ou non se poida xustificar, pero non van votar a favor de que un erro que en vez de ser corrixido é aumentado, queren que se corrixa correctamente o proxecto, na memoria do cal aparece a descrición de dito poste, noutro caso votarán en contra.-

O sr. Alcalde explica que simplemente se eliminou a unidade de obra do poste que aparece na memoria e que aparece no cadro de prezos para non variar nin un céntimo o orzamento aprobado en Pleno e a subvención concedida da Deputación, nisto consistiu a corrección de erro.-

O sr. Anido considera que o presuposto da obra debería incluso de reenumerarse, van votar en contra porque creen que no é correcto que no presuposto apareza unha cousa e no proxecto apareza outra.-

Efectuada votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor e seis en contra, o seguinte acordo:

Aprobar a corrección dos erros advertidos no proxecto técnico da obra de “Pavimentación, servizos e accesibilidade no entorno do campo de Fútbol As Mariñas”, incluída no POS 2016, suprimindo do documento de Medicións e Presuposto do proxecto mencionado a referencia á partida 403 do capítulo 4 de Xardinería e mobiliario urbano, sen variación do presuposto do proxecto.-

**4º.- Proposta de fixación de festas locais para o Calendario Laboral 2017.-**

Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Industria solicitando o envío antes do día 30 de setembro próximo da proposta do Pleno do Concello na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal, que como festas locais por tradición propia corresponde incorporar ao Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2017, conforme ao disposto no artigo 37.2º do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, acórdase por unanimidade:

Propoñer para a súa inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2017 as datas seguintes: o 28 de febreiro (martes de Entroido) e o 16 de agosto (festividade de San Roque).-

**Control de Órganos de Goberno:**

**5º.- Informes e comunicacións.-**

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 27-6-2016 a 21-7-2016.-  
- O sr. Montouto informa ao Pleno, en relación co estado de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, da recepción o día 6 de xullo dun requirimento da Xunta de Galicia relativo a aspectos formais do expediente ao que teñen acceso todos os grupos no servizo de Urbanismo, no que entre outras cousas se pide o documento de inicio en relación coa proposta de memoria ambiental, o documento de aprobación inicial dilixenciado e o informe do Ministerio de Defensa sobre dúas parcelas nas que se encontra agora mesmo a Axudantía e circundantes, das que xa se enviou documentación. Fixéronse xa tamén as notificacións á Hacienda española e á Facenda galega conforme ás indicacións da Xunta e aclaráronse diversos puntos contidos no escrito da Xunta, estando pendente do remate do traballo polo equipo redactor o envío de traballos gráficos no soporte solicitado. Informa tamén de que a mesma Secretaría Xeral de Urbanismo e Ordenación do territorio o día 13 de xullo manda un informe favorable á aprobación provisional do PX, que é o informe de urbanismo en materia de costas.-

**7º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez roga á Alcaldía que informe aos veciños do feito vergonzoso de que un ex alcalde de Sada vaia ser xulgado por un dos delitos mais graves que pode cometer un representante público, que é o de prevaricación, adoptar a sabendas unha decisión inxusta. Di que ten o auto do xulgado que instruíu dilixencias contra o actual voceiro do PP e quere darlle lectura, pero como é un asunto de interese xeral, quere que o sr. Alcalde lle dea publicidade a través da web municipal. A continuación comeza a lectura dun documento que segundo afirma é un auto do xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Betanzos sobre as dilixencias relativas á modificación do regulamento orgánico municipal por D. Ernesto Anido Varela en 2012 desde a súa posición de alcalde de Sada para crear un órgano de alta dirección co obxecto de designar para o mesmo a Belia Vellón López.-

O sr. Alcalde di que consultará cos servizos xurídicos se procede que a páxina web conteña este tipo de información pero que o sr. Gómez non está facendo un rogo, está dando unha información cando non corresponde. O sr. Gómez continúa lendo o mencionado documento. O sr. Alcalde dille que se debería dar información no momento en que remate o proceso xudicial e que isto non é un rogo. O sr. Gómez insiste en que quere rematar o seu rogo e di que segundo o documento que exhibe os feitos imputados a Ernesto Anido poden ser constitutivos dun delito continuado de prevaricación administrativa e os feitos imputados a Belia Vellón poden ser constitutivos dun delito de tráfico de influencias, este é o contido básico do auto xudicial que termina dando prazo para solicitar a apertura de xuízo oral. O sr. Alcalde dille ao sr. Gómez que xa consumiu de sobra o tempo dun rogo, este pide que se lle deixe acabar a súa intervención e di que se alegra de que a investigación xudicial exculpara a outro concelleiro do PP, D. Antonio Aguión, quen se vira salpicado polos manexos do ex alcalde. Insiste na súa petición de que o sr. Alcalde ordene difundir a través da páxina web este auto do que ao rematar este Pleno lle fará entrega.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que o sr. Alcalde deixe falar ao sr. Gómez e non o interrompa, pois canto mais fale mellor lle irá a Sada e a todos. Di que ata agora tivo ata sete imputacións, acusacións gravísimas por distintos motivos sen que se lle abriera ningún xuízo oral. Pensa que a decisión máis importante que tiña que tomar o sr. Gómez e o seu compañeiro e xefe de filas D. Ramón Rodríguez Ares é abandonar a política, porque pasaron da maioría absoluta a apenas 1000 votos.-
- 2) Pregunta sobre os informes policiais solicitados na sesión de febreiro sobre a tala efectuada na zona de Sadarriba, que aínda non lle foron entregados e deben existir.-
- 3) Roga que se implante a retransmisión en vídeo dos Plenos, máis que nada porque unha imaxe vale máis que mil palabras, e isto servirá para que os veciños vexan por quen están representados.-

A sra. Rodríguez Teijeiro di que en vista da utilización nun mesmo espazo público como é o salón de plenos do escudo e do logotipo municipais, semella que o goberno municipal está a favor da súa utilización conxunta. Ao seu grupo non lle parece mal a utilización de ambos sempre que sexa de forma clara e diferenciada, respectando os usos e carácter simbólico de cada un, e pregunta como vai a elaboración do manual de identidade corporativa que anunciou o sr. Alcalde na sesión de febreiro, e se dito manual vai facerse público. O sr. Alcalde informa de que se mantiveron contactos con empresas especializadas para obter uns orzamentos básicos e iniciar o proceso de contratación, pero este aínda non deu comezo. No momento en que se inicie farase público como todos os procesos de contratación que se están facendo.-

O sr. Gómez di que quere intervir por alusións e dicirlle ao sr. Anido que efectivamente ten varias imputacións e lle van a vir máis aínda ata que acabe a lexislatura; non o di el, está dicindo o Xulgado que ao sr. Anido lle van a abrir xuízo oral.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinte horas e trinta e catro minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-